

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE EMPREGA A LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO NA MODALIDADE A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DA GUARDA

ANTECEDENTES

1. A *Orde, do 19 de decembro de 2024*, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027, aproba o *plan de xestión de equinodermos a pé* (PE410A 2024/48-5) da Confraría da Guarda, no que figura un número máximo de nove (9) participantes durante o período de desenvolvemento.
2. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 16 de marzo de 2026, convócase un proceso selectivo para o acceso a dúas (2) prazas vacantes no plan de xestión de equinodermos a pé da Confraría da Guarda.
3. Mediante a Resolución do 3 de xuño de 2026, do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, foi publicada a relación definitiva de aspirantes seleccionados e a de non seleccionados no proceso selectivo. A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as prazas vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia.
4. En data 11 de xuño de 2026 xurde unha (1) praza vacante, debido á renuncia dunha persoa participante no plan de xestión.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este Departamento Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no *Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira*, modificado polo *Decreto 114/2007, de 31 de maio* e polo *Decreto 48/2013, do 7 de marzo*.
2. A *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos da Comunidade Autónoma de Galicia* establece no seu artigo 15 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da data da resolución do departamento territorial. No apartado 3 do mesmo artigo indica que a lista de reserva será empregada durante a vixencia dos plans que correspondan para cubrir as vacantes producidas.
3. Mediante Resolución do 3 de xuño de 2026 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicouse a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados. A lista de reserva, constituída pola lista de non seleccionados deberá ser empregada polo tanto, para a cobertura da nova vacante xurdida no plan.



5. Correspóndelle a este Departamento Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan os departamentos territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, este Departamento Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

Autorizar o emprego da lista de reserva para cubrir **unha (1)** praza vacante e publicar o nome da persoa seleccionada para o outorgamento do permiso de explotación de ourizo na modalidade a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría da Guarda:

Apelidos e nome	NIF
CASTRO DORNA, MARÍA MERCEDES	* * * 0130 * *

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

1. A persoa seleccionada deberá presentar no Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, no prazo máximo de **quince (15) días hábiles** contados desde o día seguinte ao da publicación da lista de reserva, a documentación acreditativa que xustifique os aspectos recollidos no apartado I.1. da convocatoria agás ter dado **consentimento expreso da persoa interesada para que a Consellería do Mar consulte estes datos**:

- Estar empadroado nun municipio do litoral de Galicia.
- Ser maior de 18 anos, ou menor emancipado, e non superar a idade exixida para ter dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, conforme ao previsto na normativa da seguridade social.
- Non estar incapacitada/o para exercer os labores de marisqueo.
- Non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares, nin perceptor da renda de integración social de Galicia.

No caso do apartado c) deberá de presentar a seguinte documentación:

c) **Documento acreditativo de non estar incapacitado/a para exercer os labores de marisqueo.**

Esta documentación deberá dirixirse ao Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo.

De non facerse no prazo establecido, entenderase que desiste da súa solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución, modificando esta, consonte cos prazos e coa forma contemplados nos parágrafos anteriores, declarando seleccionadas as seguintes persoas da lista de reserva.

2. De acordo co disposto no *Decreto 425/1993, do 17 de decembro*, e a *Orde, do 30 de decembro de 2015*, as persoas seleccionadas deberán cumprir, ademais:



- a) **Estar en posesión do certificado profesional correspondente.** As persoas que estean en posesión da certificación profesional achegarán a documentación que así o acredite, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para a consulta destes datos.
- b) **non ter sancións firmes** en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- c) **Non ser armador/a dunha embarcación** que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu plan de explotación.
- d) **Non ter acreditación de tripulante habilitado** para a explotación de percebe nunha embarcación.

O Departamento Territorial ditará Resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación de equinodermos na modalidade de a pé, conforme ao establecido no artigo 6 do *Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 2013*.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

Por suplencia (Resolución do 13/05/2024)
A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica
Carmen de Benito Caula

